

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar EN MAREA a través dos seus deputados e deputadas Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araújo, Julia Torregrosa Sañudo, Manuel Lago Peñas, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Francisco Casal Vidal, Marcos Cal Ogando, Carme Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, e Antón Sánchez García, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

#### **I. A declaración de inconstitucionalidade de parte da Lei de Dereito Civil de Galicia no concerninte á adopción e á autotutela.**

A Lei 2/2006 de Dereito Civil de Galicia foi aprobada no Parlamento de Galicia e publicada no Boletín Oficial do Parlamento o día 6/06/2006. Esta lei, no seu título II ocúpase da adopción e no título III da autotutela (artigos desde 27 a 45), dezaoito artigos nos que se regulan estas dúas figuras xurídicas.

Esta Lei 2/2006 de Dereito Civil de Galicia, foi aprobada polo Parlamento galego por unanimidade, con 74 votos a favor.

O Presidente do Goberno daquela, José Luis Rodríguez Zapatero, do PSOE, no Consello de Ministros do 24 de marzo de 2007, acordou interpoñer recurso de inconstitucionalidade contra os artigos 27 a 45 da Lei de Galicia 2/2006 de 14 do xuño de Dereito Civil de Galicia (publicada no DOG de 29 do xuño de 2006).

A existencia dunha vara de medir diferente para cada comunidade constatouse porque namentres en Galicia se interpuña este recurso de inconstitucionalidade



contra a Lei de dereito civil galega, o mesmo goberno de Zapatero anulaba un recurso de inconstitucionalidade interposto polo goberno de José María Aznar (2003) contra a Lei de dereito civil de Cataluña.

Este recurso de inconstitucionalidade contra a devandita Lei de Dereito Civil de Galicia foi admitido a trámite mediante providencia do 22 de maio de 2007, con número 2845/2007.

Segundo a sentenza do TC 133/2017 de 16 do novembro de 2017, esta regulación excede das competencias para a conservación, modificación e desenvolvemento do Dereito civil propio atribuídas polo artigo 27.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, vulnerando a competencia estatal nesta materia recollida no artigo 149.1.8 da CE.

Na súa sentenza o Tribunal Constitucional declara inconstitucionais e nulos o título II (artigos 27 a 41) sobre a adopción e o título III (artigos 42 a 45) sobre a autotutela.

## **2. Votos particulares e liñas legislativas de futuro.**

Na Sentencia existen dous votos particulares nos que se constata a existencia de tales institucións consuetudinarias galegas subsistentes ao tempo da aprobación da CE e conexas coa adopción e coa autotutela e que proban a existencia de datos suficientes *“que revelan a existencia de usos e costumes practicados no territorio galego: de figura análoga a adopción ou **afillamento**, que aparece referida pola doutrina científica xurídica en diversos comentarios sobre a historia do Dereito galego, así como na máis antiga xurisprudencia... (...) A importancia da casa no réxime xurídico familiar e sucesorio de Galicia era tal que se incorporaba un neno a vida da mesma se non se tiñan de seu, cun tratamento similar a un fillo, que despois se encargaría do coidado dos enfermos ou anciáns da casa e finalmente instituído como herdeiro. Esta relación similar á paterno-*



*filial non se formalizaba por non ter acomodo na lexislación estatal sobre a adopción inda que concluía ca adopción plena do menor.*

*Tamén se recolle a figura das casas de acollida, sobre acollemento de menores que quedaban desamparados por naufraxios no mar afillamento ou operfilación así como os usos dirixidos á protección deses menores están intimamente ligados a institucións da casa petrucial e á compañía familiar galega.”*

Porén, tamén sostén este autor do voto particular a relación existente entre a autotutela coas disposicións de ausencia non declarada xudicialmente, ca que se atopa intimamente ligada por ser as dúas situacións as que viñan a completar a protección persoal e patrimonial das persoas, en relación dunha ca outra.

A argumentación xurídica dos votos particulares indica unha fenda doutrinal á hora de entender a ancoraxe constitucional do título para legislar do Parlamento Galego, tanto no relativo á adopción como da institución de autotutela.

En En Marea consideramos que o estado xurídico de opinión nestes case doce anos transcorridos entre a promulgación de 2006 e a Sentenza do Tribunal constitucional deu pé a que o que na década pasada fose considerado por parte do goberno e da doutrina como unha institución non suficientemente conexas na regulación tradicional do noso dereito civil coas institucións actuais de adopción e autotutela poda mudar.

En efecto, a vocación da competencia en materia de dereito civil de Galicia, en calquera das súas institucións, non é un simple pulido das figuras xurídicas tradicionais, como pezas dun museo xurídico, senón a súa modernización e actualización aos tempos de hoxe, co obxecto de que sexan útiles para solucionar os problemas e mellorar a convivencia social.



O relevante das nosas institucións tradicionais de dereito civil son os principios que as inspiran. E no caso que nos ocupa, a referencialidade básica é que o noso dereito consuetudinario creou institucións para mellorar as condicións de vida dos menores de idade, a súa relación material e afectiva para inserilos con normalidade no seo de unidades familiares onde podan medrar con dignidade e o pleno desenvolvemento da súa personalidade. Igualmente, é referencia básica a dotación de institucións que regularon as situacións de ausencia de persoas do seu entorno familiar e patrimonial.

Son esas directrices as que deben inspirar unha regulación de Dereito civil en Galicia útil para servir as necesidades da nosa sociedade actual.

Por iso, con ancoraxe pleno nestes principios, debe acometerse unha nova regulación da Lei de Dereito civil de Galicia que aborde as institucións de adopción e autotutela, nuns termos que resulten útiles para a sociedade galega e tendo en conta a realidade social e xurídica da segunda década do século XXI, coherentemente cunha visión avanzada dos principios de conservación, modificación e desenvolvemento do noso propio dereito civil, tal como se enxerga nos propios votos particulares da Sentenza.

Por todo o anterior, o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de Lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar un Proxecto de Lei de modificación da Lei de Dereito Civil de Galicia, que regule as institucións de adopción e autotutela.”

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 11/05/2018 11:37:57**

**Paula Vázquez Verao na data 11/05/2018 11:38:04**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/05/2018 11:38:11**

**Carmen Santos Queiruga na data 11/05/2018 11:38:15**

**Antón Sánchez García na data 11/05/2018 11:38:18**

**Eva Solla Fernández na data 11/05/2018 11:38:21**

**Luca Chao Pérez na data 11/05/2018 11:38:25**

**Paula Quinteiro Araújo na data 11/05/2018 11:38:28**

**Magdalena Barahona Martín na data 11/05/2018 11:38:31**

**José Manuel Lago Peñas na data 11/05/2018 11:38:34**

**Francisco Casal Vidal na data 11/05/2018 11:38:38**

**David Rodríguez Estévez na data 11/05/2018 11:38:41**

**Marcos Cal Ogando na data 11/05/2018 11:38:44**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/05/2018 11:53**  
**Nº Rexistro: 30843**  
Data envío: 11/05/2018 11:53:09.873



**Julia Torregrosa Sañudo na data 11/05/2018 11:39:58**